



Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade da Coruña

(Aprobado en Consello de Goberno de 01/10/2024)

Índice

PREÁMBULO	3
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.....	3
Artigo 1. Obxecto	3
Artigo 2. Organización e funcionamento dos estudos de doutoramento	3
CAPÍTULO II. ADMISIÓN E MATRÍCULA NOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO.....	4
Artigo 3. Convocatoria ordinaria e extraordinaria	4
Artigo 4. Acceso	4
Artigo 5. Admisión	4
Artigo 6. Matrícula	4
Artigo 7. Modalidades de matrícula e duración dos estudos de doutoramento.....	5
Artigo 8. Simultaneidade de estudos oficiais.....	5
Artigo 9. Cambio de programa de doutoramento	6
Artigo 10. Baixa temporal e definitiva nun programa de doutoramento	6
CAPÍTULO III. SUPERVISIÓN E SEGUIMENTO DO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO	7
Artigo 11. Persoa titora da tese de doutoramento	7
Artigo 12. Dirección da tese de doutoramento	7
Artigo 13. Compromiso documental de supervisión	8
Artigo 14. Documento de actividades	8
Artigo 15. Plan de investigación e plan de formación persoal	8
Artigo 16. Avaliación anual.....	9
Artigo 17. Alumnado con necesidades específicas	9
Artigo 18. Mobilidade de doutorandas e doutorandos	9
Artigo 19. Resolución de conflitos.....	9
CAPÍTULO IV. TESE DE DOUTORAMENTO	9
Artigo 20. A tese de doutoramento.....	9
Artigo 21. Tese por compendio de publicacións.....	10
Artigo 22. Tese con protección de dereitos	10
Artigo 23. Tese con mención de «Doutoramento internacional»	11
Artigo 24. Tese en réxime de cotutela internacional	12
Artigo 25. Tese con mención de «Doutoramento industrial»	12
CAPÍTULO V. DEPÓSITO, AUTORIZACIÓN E DEFENSA DA TESE DE DOUTORAMENTO	13
Artigo 26. Depósito da tese de doutoramento e autorización para a súa defensa	13
Artigo 27. Tribunal para a defensa da tese de doutoramento	14



Artigo 28. Acto de defensa pública da tese	14
Artigo 29. Cualificación da tese de doutoramento	15
Artigo 30. Arquivo da tese de doutoramento.....	16
Artigo 31. Título de doutor/a	16
CAPÍTULO VI. PREMIO EXTRAORDINARIO	16
Artigo 32. Premio Extraordinario de Doutoramento	16
Disposición transitoria primeira. Alumnado que iniciou os seus estudos de doutoramento con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 576/2023.....	17
Disposición transitoria segunda. Programas de doutoramento verificados con anterioridade ou en tramitación	17
Disposición derogatoria. Derogación normativa.....	17
Disposición final	17



PREÁMBULO

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, estrutura o ensino universitario en tres ciclos: grao, mestrado universitario e doutoramento. Os estudos de doutoramento, conducentes á obtención do título de doutor/a, en virtude do establecido no artigo 9 da dita lei, conforman o terceiro ciclo das ensinanzas universitarias oficiais en España e teñen como finalidade a adquisición das competencias e as habilidades concernentes á investigación de calidade e o seu desenvolvemento.

A normativa dos estudos de doutoramento ten o seu desenvolvemento máis específico no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, modificado polo Real decreto 576/2023, do 4 de xullo. Este regulamento vén completar a dita regulación.

Na elaboración desta norma respectáronse os principios de boa regulación e, en particular, os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Así, a normativa resulta necesaria e conveniente tras as novidades lexislativas dos últimos anos. Cumpre, ademais, co principio de proporcionalidade, por canto se recolle a regulación imprescindible para atender a necesidade que cómpre cubrir coa norma. A normativa aspira a xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e a súa comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións. E, por último, a normativa tende á simplificación do procedemento e á supresión de trámites innecesarios.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. Este regulamento ten por obxecto regular a organización dos estudos de doutoramento conducentes á obtención do título de doutor/a na Universidade da Coruña (en diante, UDC).
2. O disposto neste regulamento completa a regulación contida no Real decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, modificado polo Real Decreto 576/2023, de 4 de xullo (en diante, RD 99/2011).

Artigo 2. Organización e funcionamento dos estudos de doutoramento

1. A Escola Internacional de Doutoramento da UDC (en diante, EIDUDC) asume a organización, a planificación, a xestión, a supervisión e o seguimento da oferta global das actividades propias do doutoramento nesta universidade.
2. A EIDUDC contará cun equipo directivo e un Comité de Dirección. Contará, así mesmo, cunha Comisión Permanente como órgano técnico delegado do Comité de Dirección.
3. A UDC habilitará a infraestrutura e os recursos necesarios para dotar a EIDUDC da capacidade requirida para desenvolver as súas funcións.
4. A EIDUDC aprobará un regulamento de réxime interno que rexerá, entre outros, os seguintes aspectos:
 - a) A organización dos programas de doutoramento e o seu réxime de aprobación, modificación e extinción.
 - b) A composición e as funcións das comisións académicas dos programas de doutoramento.
 - c) O réxime de funcionamento da EIDUDC e dos seus órganos.
 - d) A función supervisora da EIDUDC.



CAPÍTULO II. ADMISIÓN E MATRÍCULA NOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Artigo 3. Convocatoria ordinaria e extraordinaria

1. O Consello de Goberno aprobará anualmente a convocatoria ordinaria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento, tanto do alumnado de novo ingreso como do de continuación de estudos.
2. Por causas debidamente xustificadas, o reitor ou a reitora, ou a persoa en quen delegue, poderá autorizar convocatorias extraordinarias. O alumnado que solicite a súa admisión por esta vía deberá contar, polo menos, cos mesmos requisitos que o admitido previamente na convocatoria ordinaria.

Artigo 4. Acceso

As persoas que pretendan acceder a un programa de doutoramento deberán reunir as condicións de acceso establecidas no RD 99/2011 e solicitar a admisión nos prazos establecidos na correspondente convocatoria

Artigo 5. Admisión

1. As solicitudes de admisión serán valoradas pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (en diante, CAPD) conforme os criterios que se establecesen na memoria de verificación do título e aqueles outros que a CAPD acordase, que haberán de respectar en todo caso os principios de igualdade, non discriminación, mérito e capacidade.

2. A CAPD acordará e publicará a relación provisional de persoas admitidas e a súa correspondente listaxe de agarda, e outorgará un prazo para presentar reclamacións. Resoltas as alegacións, a CAPD acordará e publicará a listaxe definitiva.

Contra o dito acordo poderá interpoñerse recurso de alzada, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, Lei 39/2015).

3. Calquera persoa cunha titulación estranxeira allea ao espazo europeo de educación superior (EEES) que dea acceso aos estudos de doutoramento no seu país de orixe poderá solicitar a admisión nun programa de doutoramento. Para iso, deberá acreditar a homologación ou equivalencia outorgada polo ministerio con competencias en materia de universidades, ou ben solicitar a equivalencia ou o recoñecemento de que a súa titulación permite o acceso aos estudos de doutoramento.

Neste último caso, a CAPD remitiralle á Oficina de Doutoramento a documentación presentada pola persoa interesada para os efectos de que se instrúa o procedemento de equivalencia de titulacións. As resolucións de equivalencia seranlle comunicadas á CAPD para a súa consideración no acordo de persoas admitidas no programa. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o recoñecemento para outros efectos que os de acceso a estas ensinanzas.

4. A admisión nun programa poderá quedar condicionada á superación de complementos de formación específicos determinados na memoria de verificación do programa. Tales complementos poderán corresponder a materias de mestrado e grao, ata un máximo de 15 ECTS, e deberán superarse no período inicial de desenvolvemento da tese, nun prazo máximo dun curso académico. De non facelo así, a persoa doutoranda causará baixa no programa.

Artigo 6. Matrícula

1. As persoas admitidas nun programa de doutoramento deberán formalizar a súa matrícula no prazo establecido na convocatoria. De non facelo, entenderase que desisten da súa solicitude e chamarase as persoas que figuren na listaxe de agarda.

2. O alumnado deberá matricularse cada curso académico polo concepto de tutela académica. De non facelo, causará baixa no programa.



3. Cando se trate de programas de intercambio de alumnado ou de programas interuniversitarios, as condicións en que debe realizarse a matrícula virán determinadas, respectivamente, no acordo asinado polas universidades participantes ou no convenio incluído na memoria de verificación do título.

4. Os prezos públicos de matrícula dos estudos conducentes á obtención do título oficial de doutor/a serán establecidos anualmente pola Comunidade Autónoma de Galicia.

5. A matrícula outorgaralle ao estudantado o dereito á tutela académica e a empregar os recursos necesarios para desenvolver o seu traballo de doutoramento.

6. A matrícula poderá ser anulada pola EIDUDC, sen que iso implique necesariamente a devolución das taxas académicas, polas seguintes causas:

- a) Non aboar as taxas de matrícula nos prazos establecidos.
- b) Non estar en posesión da titulación de acceso requirida, o que inclúe a non equivalencia de títulos estranxeiros para os efectos de admisión no doutoramento.
- c) Denegación do visado.
- d) Solicitud xustificada da doutoranda ou do doutorando.

Contra a resolución de anulación poderá interpoñerse recurso de alzada, de conformidade co disposto na Lei 39/2015.

Artigo 7. Modalidades de matrícula e duración dos estudos de doutoramento

1. O alumnado poderá matricularse a tempo completo ou a tempo parcial. A modalidade de matrícula determinará a duración mínima e máxima dos estudos de doutoramento.

2. A duración dos estudos de doutoramento computarase desde a data da primeira matrícula no programa ata a data de depósito da tese de doutoramento.

A duración mínima dos estudos de doutoramento será de dezoito meses a tempo completo e de trinta meses a tempo parcial.

A duración máxima será de catro anos a tempo completo e de sete anos a tempo parcial, agás que a persoa doutoranda teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, en cuxo caso será de seis anos a tempo completo e nove a tempo parcial.

Para os efectos do cómputo dos estudos de doutoramento non se terán en conta as baixas por enfermidade, embarazo ou calquera outra causa prevista pola normativa vixente.

Cando a persoa doutoranda utilizase ambas as modalidades de matrícula, recalculase o prazo restante para presentar a tese de doutoramento de conformidade cos criterios de recálculo que aprobe a EIDUDC.

3. No momento de formalizar a matrícula en calquera dos cursos académicos, a persoa doutoranda poderá elixir realizar os estudos a tempo completo ou a tempo parcial.

Cando as condicións dun programa de doutoramento esixan limitar o número de estudantes a tempo parcial, a EIDUDC, por petición da CAPD, poderá autorizar que se establezan condicións específicas para a dita modalidade de matrícula. En tal caso, contra a resolución denegatoria da matrícula a tempo parcial poderá interpoñerse recurso de alzada, de conformidade co disposto na Lei 39/2015.

Artigo 8. Simultaneidade de estudos oficiais

1. Permítese a simultaneidade da matrícula en estudos de doutoramento coa doutros estudos universitarios oficiais (grao ou mestrado universitario), cun máximo de 90 ECTS. Para estes efectos, a matrícula nun programa de doutoramento a tempo completo será equivalente a 60 ECTS, mentres que a tempo parcial terá un valor de 30 ECTS.



2. Non se poderá simultanear a matrícula en dous programas de doutoramento, excepto no caso de teses en cotutela internacional.

Artigo 9. Cambio de programa de doutoramento

1. As persoas doutorandas que estean matriculadas nun programa da UDC poderán solicitar o cambio de programa. Para tal fin, presentarán unha solicitude dirixida á EIDUDC en que exporán as razóns polas que solicitan o cambio.

2. A EIDUDC solicitará un informe das direccións e das CAPD dos dous programas implicados e resolverá o que proceda, após valorar todas as circunstancias concorrentes e adoptar as medidas necesarias para preservar os dereitos da persoa doutoranda e das direccións saíntes e entrantes, en especial, os relacionados coa propiedade intelectual e/ou industrial.

Contra a resolución denegatoria do cambio de programa poderá interpoñerse recurso de alzada, de conformidade co disposto na Lei 39/2015.

3. Admitido o cambio, a persoa doutoranda matricularase no novo programa e causará baixa definitiva no programa de saída.

Se a persoa doutoranda desexa manter o plan de investigación do programa de saída, o período en tutela académica no programa de saída computará para todos os efectos para a duración mínima e máxima dos estudos de doutoramento. Ademais, as actividades de formación realizadas no programa de saída poderán ser recoñecidas polo programa de entrada como equivalentes ás súas propias.

4. Cando se solicite un cambio desde un programa doutra universidade a un programa da UDC, tramitarase o mesmo procedemento establecido neste artigo. Non obstante, a persoa doutoranda deberá manter o mesmo plan de investigación do programa de saída, ademais de presentar un certificado das actividades formativas realizadas e do tempo consumido no programa de saída.

Artigo 10. Baixa temporal e definitiva nun programa de doutoramento

1. Por solicitude da persoa doutoranda, a CAPD poderá acordar a baixa temporal no programa de doutoramento cando concorran causas debidamente xustificadas, ata un total de dous anos.

Os períodos de baixa temporal non computarán no tempo de permanencia nos estudos de doutoramento. Do mesmo modo, as actividades desenvolvidas pola persoa doutoranda durante a baixa temporal non poderán incluírse no seu documento de actividades.

Contra a denegación da baixa temporal no programa poderá interpoñerse recurso de alzada, de conformidade co disposto na Lei 39/2015.

2. A baixa definitiva nun programa pode producirse por solicitude da persoa doutoranda ou ser declarada de oficio pola EIDUDC cando se dea algunha das seguintes causas:

- a) Non realizar a matrícula de tutela académica anual nun curso académico.
- b) Incumprir os prazos de presentación do plan de investigación e o de formación persoal.
- c) Non superar os complementos de formación nos prazos establecidos.
- d) Ter dous informes negativos consecutivos na avaliación anual.
- e) O rexeitamento definitivo do plan de investigación e/ou do plan de formación.
- f) Non superar a defensa da tese nos prazos establecidos.
- g) Non reincorporarse ao programa tras finalizar o período de baixa temporal.

Contra a resolución da baixa definitiva no programa poderá interpoñerse recurso de alzada, de conformidade co disposto na Lei 39/2015.



3. Quen cause baixa definitiva nun programa poderá solicitar a admisión e, de ser o caso, matricularse nun programa distinto a partir do seguinte curso académico. En tal caso, o período académico cursado no programa en que causa baixa non computará para os efectos da duración mínima dos estudos de doutoramento. As actividades realizadas no programa en que causa baixa non poderán ser recoñecidas pola CAPD como equivalentes ás actividades do novo programa.

CAPÍTULO III. SUPERVISIÓN E SEGUIMENTO DO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO

Artigo 11. Persoa titora da tese de doutoramento

1. Para o estudantado admitido nun programa, a CAPD designará unha persoa titora da tese que, con carácter xeral, terá as seguintes tarefas:

- a) Velar pola interacción da persoa doutoranda coa CAPD e, conxuntamente, con quen dirixa a tese.
- b) Velar pola adecuación ás liñas do programa da formación e a actividade investigadora da persoa doutoranda.
- c) Orientar a persoa doutoranda nas actividades docentes e de investigación do programa.

2. A titora ou o titor será persoal docente e investigador asignado ao programa, en posesión, cando menos, dun sexenio de investigación e con vinculación permanente coa UDC ou entidade colaboradora no programa de doutoramento, ou ben cun contrato na UDC a cargo dun programa de excelencia.

3. A CAPD, oída a persoa doutoranda, poderá modificar o nomeamento da titora ou do titor en calquera momento do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

Artigo 12. Dirección da tese de doutoramento

1. Unha vez admitido o estudantado no programa, e en todo caso no prazo máximo de tres meses desde a matrícula, a CAPD designará para cada estudante unha persoa directora de tese que, con carácter xeral, se responsabilizará:

- a) da coherencia e idoneidade das actividades de formación;
- b) do impacto e a novidade da tese no seu campo de coñecemento;
- c) e da guía na planificación e a súa adecuación, de ser o caso, á doutros proxectos e actividades onde se inscriba a persoa doutoranda.

2. A CAPD poderá autorizar a codirección da tese por un máximo de dúas persoas cando concorran razóns de índole académica, pola interdisciplinariedade temática ou cando se trate de programas desenvolvidos en colaboración nacional ou internacional.

3. Se a persoa que dirixe a tese reúne as condicións para exercer a titorización da persoa doutoranda, poderá asumir as dúas funcións.

4. A EIDUDC disporá dun rexistro de directoras e directores de tese, en que poderá figurar calquera persoa doutora española ou estranxeira que preste servizos en calquera universidade, centro ou institución, e que posúa, cando menos, un sexenio de investigación ou méritos de investigación equiparables.

No dito rexistro poderán figurar persoas doutoras ás cales, aínda sen estar en posesión das ditas condicións, lles sería posible asumir unha codirección se cumpren algún dos seguintes requisitos:

- a) Ser a investigadora ou o investigador principal dun proxecto de investigación financiado mediante convocatoria pública (excluídos os proxectos de convocatorias propias dunha universidade) nos últimos seis anos.
- b) Acreditar a autoría ou coautoría de cando menos tres publicacións en revistas incluídas no *Journal Citation Reports* (en diante, JCR) nos últimos seis anos. Naquelas áreas en que pola súa tradición non



sexa aplicable este criterio, substituirase por un requisito comparable segundo o establecido pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (en diante, CNEAI) nestes campos científicos.

c) Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación.

d) Dirixir nos últimos seis anos, coa cualificación de sobresaliente *cum laude* ou apto *cum laude*, ou cualificación equivalente noutros países, unha tese de doutoramento que dese lugar, polo menos, a unha publicación en revistas indexadas no JCR ou algunha contribución relevante no seu campo científico segundo os criterios da CNEAI.

5. A CAPD, oída a persoa doutoranda, poderá modificar o nomeamento da dirección en calquera momento do período do doutoramento, sempre que concorran razóns xustificadas.

6. Como regra xeral, unha mesma persoa poderá ser parte da dirección simultánea dun máximo de 10 teses. Porén, este número máximo poderá ser limitado nun programa por decisión da súa CAPD.

Artigo 13. Compromiso documental de supervisión

1. As funcións de supervisión, tutela e seguimento de cada persoa doutoranda reflectiranse nun compromiso documental de supervisión, que será subscrito polas persoas doutoranda, titora e/ou directora e coordinadora do programa no proceso de formalización da matrícula de inicio nos estudos de doutoramento.

2. No compromiso de supervisión, especificarase:

a) a relación académica entre a UDC e a persoa doutoranda, os seus dereitos e deberes, incluídos os posibles dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial derivados da investigación, así como a aceptación do procedemento de resolución de conflitos;

b) os deberes das persoas titora e directora da tese de doutoramento;

c) e as condicións en que se publicará a tese de doutoramento.

Artigo 14. Documento de actividades

1. O documento de actividades é o rexistro individualizado e de control do traballo de doutoramento de cada estudante, en que rexistrará, nos prazos marcados pola EIDUDC, as actividades que efectúe no contexto do programa e deixará constancia documental que acredite a súa realización.

2. Os rexistros serán valorados e validados pola persoa titora ou directora, con carácter previo á súa avaliación anual pola CAPD.

Artigo 15. Plan de investigación e plan de formación persoal

1. Ao longo do primeiro ano desde a data de matrícula, a persoa doutoranda, coa asistencia das persoas directora e/ou titora, elaborará un documento que inclúa o plan de investigación e o plan de formación persoal.

O plan de investigación conterá información sobre a investigación que levará a cabo a persoa doutoranda, incluídos o estado do arte, a metodoloxía que vai utilizar e os obxectivos que pretende alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para logralo.

O plan de formación persoal conterá unha previsión das distintas actividades formativas que desenvolverá durante a tese de doutoramento (cursos, impartición de seminarios, accións de mobilidade etc.).

2. Este documento deberá ser aprobado pola CAPD, logo do informe favorable das persoas directora e/ou titora. En caso de non aprobarse, o que terá que motivarse debidamente, a persoa doutoranda deberá presentar unha nova proposta no prazo marcado pola CAPD, que non poderá exceder de tres meses desde a data de rexeitamento.



Non presentar unha nova proposta ou obter unha nova valoración negativa da CAPD suporá o rexeitamento definitivo do plan de investigación e/ou do plan de formación persoal, ademais da baixa definitiva no programa.

3. O plan de investigación e o de formación persoal poderán modificarse durante os estudos de doutoramento, sempre que se conte co visto e prace das persoas titora e directora da tese, así como coa aprobación da CAPD.

Artigo 16. Avaliación anual

1. Anualmente, a CAPD avaliará o progreso da persoa doutoranda en canto ao plan de investigación e/ou ao plan de formación persoal.

2. No caso de que a CAPD detecte carencias importantes e outorgue unha avaliación negativa debidamente motivada, a persoa doutoranda deberá ser reavaliada no prazo fixado pola EIDUDC, que non poderá exceder de seis meses desde a anterior avaliación.

De seguir producíndose as carencias, a EIDUDC, logo do informe motivado da CAPD e da audiencia á persoa doutoranda, declarará a súa baixa definitiva no programa.

Artigo 17. Alumnado con necesidades específicas

O alumnado con necesidades educativas específicas contará con sistemas e servizos de apoio e asesoramento axeitados, que poderán determinar a necesidade de adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos.

Artigo 18. Mobilidade de doutorandas e doutorandos

A estada de doutorandas e doutorandos da UDC noutras universidades ou centros de investigación, institucións ou empresas alleas, para realizar actividades relacionadas coa súa tese, requirirá do informe previo e favorable das persoas directora e/ou titora, así como da CAPD. Unha vez realizada a estada, a CAPD deberá emitir un informe, que se formalizará a través do documento de actividades da persoa doutoranda.

Artigo 19. Resolución de conflitos

1. As controversias que xurdan no desenvolvemento do programa e da tese de doutoramento serán presentadas polas persoas interesadas ante a CAPD ou ante a EIDUDC, dependendo de quen teña en primeira instancia a competencia sobre elas.

2. Os acordos de cada CAPD serán executados pola súa coordinadora ou o seu coordinador, mentres que os acordos da EIDUDC serán executados pola dirección desta escola.

3. En caso de que as controversias presentadas ante a CAPD conclúan en conflito, a súa resolución corresponderá á EIDUDC. Contra a dita resolución poderá interpoñerse recurso de alzada, de conformidade co disposto na Lei 39/2015.

CAPÍTULO IV. TESE DE DOUTORAMENTO

Artigo 20. A tese de doutoramento

1. A tese de doutoramento consiste nun traballo orixinal de investigación da persoa doutoranda relacionado co programa de doutoramento que realice, que a capacitará para traballar autonomamente no ámbito da I+D+i.

O traballo conterá, como mínimo, un resumo, unha introdución, os obxectivos, a metodoloxía, os resultados, as conclusións e a bibliografía.

2. A tese redactarase en galego, castelán ou o idioma de uso común no seu campo de coñecemento. Non obstante, a EIDUDC poderá autorizar a súa redacción noutro idioma, logo do informe favorable da CAPD e sempre que se garanta que o tribunal poderá xulgalá.



En caso de redactarse nunha lingua diferente do galego ou castelán, deberán incluírse na tese dous anexos cun resumo de, polo menos, tres mil palabras, un en galego e outro en castelán.

Artigo 21. Tese por compendio de publicacións

1. A tese por compendio de publicacións estará formada por traballos que a persoa doutoranda teña publicados ou aceptados para a súa publicación durante os seus estudos de doutoramento, sempre que se axusten ao proxecto incluído no seu plan de investigación.

2. As publicacións, ademais dos criterios que poida establecer a EIDUDC, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) A tese consistirá nun mínimo de tres artigos de investigación en revistas científicas que aparezan no JCR. Naquelas áreas en que non sexa aplicable este criterio, substituirase polas bases relacionadas pola CNEAI.

b) Os traballos serán contribucións aceptadas en publicacións de ámbito e prestixio internacional con revisión por pares.

c) As publicacións serán posteriores á data de matrícula no programa de doutoramento e nelas, como norma xeral, constará a vinculación da persoa doutoranda á UDC.

d) Naquelas publicacións con varias persoas coautoras, deberán constar os nomes e a procedencia destas, a súa orde, a referencia completa da publicación, a editorial e o ISSN ou ISBN. Así mesmo, nos artigos con aceptación definitiva para publicarse que ao presentar a tese aínda non estean publicados, engadirase código de identificación (o DOI nas publicacións dixitais).

3. A persoa doutoranda deberá incluír na tese por compendio de publicacións unha introdución en que se xustifique e razoe a unidade, coherencia temática e metodoloxía da tese; os obxectivos que fai falta alcanzar; unha discusión xeral que dote de coherencia e unidade os diferentes traballos; as conclusións e unha bibliografía común.

4. Cando a persoa doutoranda lle solicite á EIDUDC o depósito da súa tese de doutoramento, deberá presentar ademais a seguinte documentación:

a) Unha copia íntegra dos artigos publicados ou coa aceptación definitiva para a súa publicación onde consten o nome e a procedencia da persoa doutoranda.

b) Un informe da dirección da tese coa aprobación da CAPD onde se especifique a idoneidade da presentación da tese baixo esta modalidade; a contribución da persoa doutoranda, en caso de coautoría; e os indicios de calidade das publicacións presentadas.

c) A aceptación, por escrito, das persoas coautoras de que a doutoranda ou o doutorando presente o traballo como parte da tese.

d) A renuncia, por escrito, das persoas coautoras non doutoras á presentación dos traballos como parte doutra tese de doutoramento.

Artigo 22. Tese con protección de dereitos

1. A tese con protección de dereitos é aquela cuxo contido e cuxos resultados derivan da participación de empresas na investigación, a existencia de convenios de confidencialidade ou a xeración de dereitos de propiedade industrial, como as patentes.

2. A persoa doutoranda poderá solicitarlle á CAPD a protección de dereitos da súa tese, logo do informe das persoas que a titorizan e dirixen. Autorizada a dita protección, as cláusulas de confidencialidade deberán incluírse no compromiso documental de supervisión.



Xunto a esta solicitude de protección, presentará os seguintes documentos:

a) Unha versión completa da tese, que só se lles entregará para a súa avaliación aos membros do tribunal, os cales deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos que non se poidan difundir. No caso de que o tribunal desexe preguntarlle á persoa doutoranda sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse en sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública.

b) Unha versión reducida da tese, en que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difusión, segredo ou confidencialidade. Este exemplar deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública da tese, e depositarase para a súa consulta pola comunidade científica de doutores/as.

3. Aprobada a tese, a versión completa arquivarase na UDC co compromiso de confidencialidade. No Repositorio Institucional da UDC publicarase exclusivamente a versión reducida.

Unha vez realizadas as oportunas proteccións ou cando venza o prazo de confidencialidade, a persoa doutoranda poderá solicitar, despois de acreditar estas circunstancias, o seu cambio pola versión completa.

Artigo 23. Tese con mención de «Doutoramento internacional»

O título de doutor/a poderá incluír no seu anverso a mención de «Doutoramento Internacional», sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que, durante o período de tutela académica, a persoa doutoranda realizase unha ou varias estadias de, cando menos, tres meses fóra de España nunha ou varias institucións de ensino superior ou centros de investigación de prestixio co obxecto de complementar e reforzar a súa formación investigadora.

Non se considerarán para os efectos desta mención as estadias que a persoa doutoranda realice no seu país de residencia ou na institución onde traballa. En caso de realizar varias estadias, cando menos unha delas terá unha duración mínima dun mes.

As estadias e as actividades han de ser avaladas polo perfil autorizado e autorizadas pola CAPD. Unha vez realizadas e validadas pola entidade de acollida, incorporaranse ao documento de actividades da persoa doutoranda.

b) Que cando menos o 25 % da extensión da tese (excluídos os índices, a bibliografía e os anexos) se redactasen nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu ámbito de estudo, distinta a calquera das linguas oficiais ou cooficiais en España. Esta extensión mínima incluírá o resumo e as conclusións, e corresponderá a capítulos ou bloques completos da tese.

c) Que cando menos o 25 % da exposición oral do acto de defensa da tese se realice na lingua habitual para a comunicación científica no seu ámbito de coñecemento, distinta a calquera das linguas oficiais ou cooficiais en España.

d) Que cando menos dúas persoas expertas doutoras pertencentes a algunha institución de educación superior ou algún instituto de investigación non españois emitan un informe favorable sobre a tese, de acordo co procedemento que estableza a Comisión Permanente da EIDUDC. As ditas persoas expertas non poderán coincidir coas investigadoras que recibiron a doutoranda ou o doutorando e realizaron tarefas de titoría ou dirección de traballos na entidade de acollida.

e) Que cando menos unha persoa experta doutora pertencente a algunha institución de educación superior ou algún centro de investigación non españois e distinta da responsable da estadia mencionada no punto a) forme parte do tribunal avaliador da tese.

As circunstancias recollidas nas letras b) e c) non serán de aplicación cando as estadias, os informes e as persoas expertas referidas nos puntos d) e e) procedan dun centro ou unha institución dun país de fala hispana.



Artigo 24. Tese en réxime de cotutela internacional

1. A UDC incentivará a realización de teses en réxime de cotutela internacional.
2. A tese en réxime de cotutela internacional deberá cumprir as seguintes condicións:
 - a) Que a tese de doutoramento estea supervisada por doutoras ou doutores de dúas ou máis universidades, das cales unha deberá ser a UDC e o resto estranxeiras, que deberán formalizar un convenio de cotutela.
 - b) Que, polo seu traballo de tese de doutoramento, a persoa doutoranda obteña dous ou máis títulos, un por cada unha das institucións de educación superior responsables do desenvolvemento da tese.
 - c) Que, durante o período de formación necesario para obter o título de doutor/a, a persoa doutoranda realízase unha estadía mínima de seis meses en cada unha das institucións con que se establece o convenio de cotutela, a levar a cabo traballos de investigación, ben nun só período ou en varios. As estadias e actividades serán reflectidas no convenio de cotutela.
3. O convenio de cotutela internacional deberá formalizarse antes do depósito da tese, por iniciativa da CAPD e logo do informe favorable da EIDUDC. Este convenio terá vixencia ata a finalización do período máximo de duración da tese e deberá indicar onde terá lugar a súa defensa, así como a equivalencia entre os sistemas de cualificacións das universidades e o mecanismo de recoñecemento de posibles mencións honoríficas.
4. A persoa doutoranda deberá cumprir os requisitos de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento, ademais do plan de investigación e de formación do programa de doutoramento da UDC.
5. O título de doutor/a incluírá no seu anverso unha dilixencia co texto «Tese en réxime de cotutela coa Universidade X» ou o que estableza a normativa vixente.

A tese en cotutela poderá igualmente dar lugar a incluír no título a mención de «Doutoramento internacional», se se realizan estadias en institucións diferentes das propias do convenio formalizado e se dan as circunstancias do artigo 23.

Artigo 25. Tese con mención de «Doutoramento industrial»

1. Esta mención obtérase ao realizar os estudos de doutoramento coa colaboración do tecido social e económico, co fin de fomentar a colaboración e a transferencia e o intercambio de coñecemento entre o mundo académico e o mundo social e económico, xa sexa este do ámbito público ou privado.
2. Poderase outorgar a mención de «Doutoramento industrial» sempre que concorran as seguintes circunstancias:
 - a) Que a tese desenvólvese un proxecto de investigación de interese industrial, comercial, social ou cultural dunha entidade, empresa pública ou privada ou administración pública. Quedan excluídas as universidades, os organismos públicos de investigación (nacionais ou autonómicos) e os hospitais universitarios. De maneira excepcional, poderase realizar a tese que conduza a esta mención en calquera das ditas institucións, excepto nas universidades, sempre que o seu contido sexa eminentemente aplicado. A relación directa entre a tese de doutoramento e o labor desenvolvido pola persoa doutoranda na entidade ou empresa deberá formalizarse nunha memoria científico-técnica que deberá ser aprobada pola UDC.
 - b) Que se subscribise un convenio entre a entidade, empresa ou administración pública e a universidade para o desenvolvemento académico da tese, en que se establecerá, como mínimo, as obrigas das partes e os dereitos de propiedade industrial.
 - c) Que a persoa doutoranda estivese contratada pola entidade, empresa ou administración pública onde realice o proxecto de investigación cando menos un ano durante o desenvolvemento da tese, de que unha parte substancial debe realizarse na entidade, empresa ou administración pública.



3. A CAPD designará cando menos unha persoa titora e directora da tese. Pola súa parte, a entidade, empresa ou administración pública designará unha persoa responsable, que poderá exercer a dirección da tese sempre que cumpra os criterios establecidos neste regulamento. Esta persoa non poderá formar parte do tribunal da tese en ningún caso.

CAPÍTULO V. DEPÓSITO, AUTORIZACIÓN E DEFENSA DA TESE DE DOUTORAMENTO

Artigo 26. Depósito da tese de doutoramento e autorización para a súa defensa

1. Finalizada a elaboración da tese, a persoa doutoranda poderá iniciar os trámites para defendela ante un tribunal. Para tal fin, faralle á CAPD unha solicitude de depósito da tese, cun exemplar e a produción derivada desta (artigos en revistas, libros e capítulos de libros, patentes...).

2. A CAPD disporá dun prazo máximo de dous meses desde a solicitude para levar a cabo as seguintes tarefas:

a) Requirirle á dirección os informes de valoración da tese, que poderán ser favorables ou desfavorables. Se os informes son desfavorables, deberán estar motivados academicamente. En caso de non entregalos, entenderase que son favorables.

b) Solicitar un mínimo de dous informes a persoas doutoras expertas na materia, externas á UDC, que poderán propoñer aspectos de mellora. As ditas persoas externas poderán formar parte do tribunal que avalíe a tese.

c) Emitir un informe sobre a autorización para defender a tese. Este informe poderá establecer a necesidade de correccións menores na tese, con indicación do prazo fixado para presentar o que sexa requirido, que non poderá exceder de tres meses. En tal caso, a CAPD disporá dun prazo máximo dun mes a partir da recepción das correccións para remitirle o seu informe á EIDUDC.

d) Propoñer, consultada a persoa que dirixe a tese e/ou a que a titoriza, unha relación de seis persoas expertas, tres titulares e tres suplentes, para formar o tribunal que xulgará a tese.

3. Autorizada a presentación da tese para a súa defensa pola CAPD, esta remitiralle á EIDUDC, nos prazos indicados no punto anterior, a seguinte documentación:

a) O informe de autorización da CAPD para a defensa da tese e os informes da dirección e das persoas expertas externas á UDC.

b) Un exemplar da tese en formato electrónico (PDF).

c) A documentación requirida por este regulamento no caso de que se trate dunha tese con mención internacional e/ou mención industrial, de cotutela ou por compendio de publicacións.

d) Unha proposta da composición do tribunal que xulgará a tese, xunto a un informe razoado sobre a idoneidade de cada membro proposto e a aceptación expresa de cada un deles para formar parte do tribunal.

4. Unha vez recibida pola EIDUDC toda a documentación da tese e comprobado que o expediente está completo e é correcto, abrirase unha fase de exposición pública de 10 días hábiles en período lectivo para que calquera persoa doutora poida examinar a tese e dirixir, por escrito, á EIDUDC as alegacións ou consideracións que estime oportunas. Á vista do resultado da exposición pública, a EIDUDC poderá darlle audiencia á persoa doutoranda, solicitar un informe á dirección da tese e á CAPD, así como contar coa colaboración doutras persoas doutoras especialistas na materia.

5. Revisada toda a documentación, a EIDUC autorizará ou denegará a defensa da tese.

En caso de autorizala, nomeará os membros do tribunal e comunicará esta designación. Posteriormente, a CAPD enviaralles o expediente da persoa doutoranda e un exemplar da tese.



No suposto de denegala, a dirección da EIDUDC ditará unha resolución motivada, que detallará os defectos que é necesario corrixir, e concretará en que parte do proceso se deben reiniciar os trámites.

6. Os datos da tese deberán incluírse na base de datos TESEO.

Artigo 27. Tribunal para a defensa da tese de doutoramento

1. Autorizada a defensa da tese, a EIDUDC avaliará a proposta de tribunal da CAPD e nomeará o tribunal encargado de vulgar a tese, que estará constituído por tres membros titulares e dous suplentes. De entre os membros titulares, nomearase unha persoa presidenta e outra secretaria do tribunal.

Se ningún membro do tribunal pertence á UDC, a CAPD deberá presentar un informe xustificativo e designar unha ou un docente da UDC como responsable da custodia das actas e a súa posterior entrega na Oficina de Doutoramento.

2. Na composición do tribunal de tese, deben respectarse os seguintes requisitos:

a) Todos os membros deberán ser doutores con experiencia investigadora acreditada no campo de coñecemento da tese de doutoramento.

b) O profesorado dos corpos docentes universitarios e o profesorado contratado laboral poderá formar parte dos tribunais, aínda que estean en situación de excedencia, xubilación, servizos especiais ou comisión de servizos. No caso de encontrarse de excedencia ou comisión de servizos noutra universidade, un centro de investigación alleo á UDC ou outra administración pública, considerarase que o profesorado pertence á institución en que estea prestando os seus servizos.

c) En ningún caso poderá formar parte do tribunal máis dun membro pertencente á mesma institución ou persoal asimilado desta. Considérase como persoal asimilado á UDC o profesorado xubilado da UDC; o persoal investigador de centros e institutos mixtos de investigación en que participe a UDC, contratado por eles; e o profesorado alleo á UDC que forme parte do programa de doutoramento.

d) Deberase garantir unha presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns debidamente motivadas, que deberán expresarse no documento de proposta do tribunal de tese remitido pola CAPD.

e) Para as teses en réxime de cotutela ou de programas derivados de convocatorias europeas ou similares, a composición do tribunal determinarase no convenio regulador.

f) Para as teses que opten á mención de «Doutoramento internacional», deberá formar parte do tribunal titular e do suplente cando menos unha persoa experta doutora pertencente a unha institución de ensino superior ou un centro de investigación de prestixio non españois, e distinta da persoa responsable da estadía sinalada no artigo 29 deste regulamento.

3. Non poderán ser membros do tribunal:

a) as persoas que dirixen e/ou titorizan a tese, salvo nos casos de tese en cotutela ou de acordos con universidades estranxeiras en que así o especifique o seu convenio;

b) as persoas coautoras das publicacións derivadas dos traballos de tese;

c) as persoas que incorran en calquera das causas de abstención establecidas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

d) As doutoras e os doutores que se encontren en situación de baixa laboral.

Artigo 28. Acto de defensa pública da tese

1. Unha vez autorizada a defensa pública da tese, a persoa doutoranda aboará as taxas dos dereitos de exame do grao de doutor/a.



A defensa da tese realizarase nun prazo máximo de tres meses desde a súa autorización. De superarse este tempo, deberán reiniciarse os trámites para que a EIDUDC autorice a defensa da tese. Porén, a EIDUDC poderá amplialo logo de solicitude por causas xustificadas.

2. Cunha antelación mínima de sete días naturais, a persoa que sexa a secretaria do tribunal, por orde da presidencia, convocará o acto de defensa da tese e daralle conta diso á EIDUDC, que fará a publicidade pertinente.

3. A defensa da tese realizarase en sesión pública, durante o período lectivo do calendario académico, e terá lugar nun centro da UDC ou, logo da autorización da EIDUDC, nunha entidade colaboradora do programa.

A EIDUDC poderá autorizar, logo de solicitude razoada, a intervención por videoconferencia da persoa doutoranda e/ou de todos ou algún dos membros do tribunal

No caso de que se trate dunha tese en cotutela, a defensa realizarase nos termos establecidos no convenio regulador. Calquera outra opción requirira da autorización expresa da EIDUDC.

4. O tribunal disporá do documento de actividades da persoa doutoranda e dos informes das persoas expertas externas, así como, de ser caso, das alegacións da persoa doutoranda. O documento de actividades non será puntuado numericamente, mais constituirá un instrumento para a avaliación da tese.

5. O acto de defensa pública da tese consistirá na exposición oral pola persoa doutoranda do traballo realizado, a metodoloxía, o contido e as conclusións da súa tese, con especial mención das súas achegas orixinais.

6. Cada membro do tribunal expresará a súa opinión sobre a tese e poderá formular cantas cuestións e obxeccións considere oportunas, ás cales a persoa doutoranda deberá contestar. Así mesmo, as persoas doutoras presentes poderán formular cuestións e obxeccións ás cales a persoa doutoranda tamén deberá responder.

A persoa presidenta do tribunal indicará a orde das intervencións.

7. Se no acto de defensa da tese non se presentase algún membro do tribunal titular, incorporárase a persoa suplente. Se isto non fose posible, a persoa presidenta do tribunal suspenderá o dito acto e comunicarlle inmediatamente este feito á EIDUDC, que poderá autorizar que a defensa se realice dentro das 48 horas seguintes. De non ser factible, a persoa presidenta do tribunal convocará de novo o acto de defensa da tese nos termos fixados neste regulamento.

Artigo 29. Cualificación da tese de doutoramento

1. Unha vez finalizada a defensa, o tribunal emitirá un informe que xustifique a cualificación global concedida á tese, de acordo coa seguinte escala: non apto, aprobado, notable e sobresaliente.

Se a cualificación global é de sobresaliente, o tribunal poderá propoñer que a tese obteña a mención *cum laude* cando emita voto secreto positivo por unanimidade.

A EIDUDC habilitará os mecanismos precisos para a materialización da concesión final desta mención, garantindo que o escrutinio dos votos necesarios se realice nunha sesión diferente á de defensa da tese de doutoramento.

2. A persoa secretaria do tribunal redactará unha acta de colación do título de doutor/a, que incluírá información sobre o desenvolvemento do acto de defensa e a cualificación outorgada. Ademais, se se opta á mención de «Doutoramento internacional» e/ou «Doutoramento industrial», incluírá nesta acta a certificación de que se cumpren os requisitos esixidos.



Así mesmo, a persoa secretaria do tribunal ou docente en quen delegue será responsable da custodia da documentación da defensa da tese. Esta documentación deberá remitirla debidamente cuberta á Oficina de Doutoramento, como máximo, nos cinco días hábiles seguintes á dita defensa para o seu arquivo e documentación.

Artigo 30. Arquivo da tese de doutoramento

1. Unha vez aprobada a tese, a UDC arquivaraa en formato electrónico e en acceso aberto no seu repositorio institucional. De igual maneira, remitiralle ao ministerio competente na materia un exemplar en formato electrónico, así como toda a información complementaria que fose necesaria.
2. En circunstancias excepcionais e por motivos xustificadas, a persoa doutoranda poderá solicitarlle á EIDUDC o aprazamento da publicación da tese no repositorio institucional por un período máximo dun ano. De denegarse o aprazamento, poderá interpoñerse recurso de alzada, de conformidade co disposto na Lei 39/2015.

Artigo 31. Título de doutor/a

1. A superación dos estudos de doutoramento dará dereito á obtención do título de doutor/a, coa denominación que figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

No caso de programas de doutoramento exclusivos da UDC, a denominación do citado título será doutora ou doutor pola Universidade da Coruña.

2. A expedición material do título incluírá información relativa ao programa cursado, ademais das mencións que correspondan (*cum laude*, Doutoramento internacional, Doutoramento industrial), de acordo coa normativa vixente.

Para os programas xurdidos de convocatorias competitivas nacionais ou europeas e os programas interuniversitarios, procederase segundo os convenios ou acordos establecidos e a lexislación na materia.

CAPÍTULO VI. PREMIO EXTRAORDINARIO

Artigo 32. Premio Extraordinario de Doutoramento

1. As teses defendidas na UDC que obtivesen a cualificación sobresaliente e a mención *cum laude* poderán optar ao Premio Extraordinario de Doutoramento. Outorgarase un premio por cada 10 teses defendidas ou fracción.

No entanto, as teses en réxime de cotutela só poderán optar ao Premio Extraordinario de Doutoramento se a defensa se leva a cabo na UDC. Poderán incluír a mención de «Doutoramento internacional» se a persoa doutoranda realiza estadias en institucións diferentes das propias do convenio de cotutela.

2. Correspóndelle e ao Consello de Goberno a aprobación da convocatoria anual de premios extraordinarios de doutoramento, logo da proposta da EIDUDC. Esta convocatoria incluírá os prazos, o procedemento e os criterios que se aplicarán na selección das teses premiadas.

3. A EIDUDC nomeará os tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión dos premios extraordinarios.

Cada tribunal estará constituído por cinco membros titulares e dous suplentes, e a súa composición garantirá a presenza equilibrada de homes e mulleres, ademais dos ámbitos implicados. Os requisitos para poder ser membro do tribunal e os criterios de avaliación estarán recollidos na convocatoria anual.

4. Cada un dos tribunais enviaralle a proposta de concesión á EIDUDC para a súa aprobación polo Consello de Goberno. A Oficina de Doutoramento notificaralle a obtención do premio ao alumnado adxudicatario e anotarao no seu expediente académico.



Disposición transitoria primeira. Alumnado que iniciou os seus estudos de doutoramento con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 576/2023

Ao alumnado que, na data de entrada en vigor do Real decreto 576/2023, do 4 de xullo, iniciase os seus estudos de doutoramento seranlle de aplicación as disposicións reguladoras do doutoramento vixentes no momento do inicio dos ditos estudos. Porén, o réxime relativo ao tribunal, a defensa e a avaliación da tese de doutoramento previsto polo citado real decreto será aplicable a este alumnado a partir do curso académico 2024/25.

Disposición transitoria segunda. Programas de doutoramento verificados con anterioridade ou en tramitación

Os programas de doutoramento xa verificados conforme a regulación anterior deberán adaptarse ao disposto no Real decreto 576/2023, do 4 de xullo, con anterioridade ao inicio do curso académico 2026/27.

As universidades responsables dos programas de doutoramento que na data de entrada en vigor do Real decreto 576/2023, do 4 de xullo, iniciasen o procedemento de verificación e non obtivesen aínda a pertinente resolución, poderán optar entre continuar a tramitación xa iniciada ou acollerse ao disposto no citado real decreto.

Disposición derogatoria. Derogación normativa

Queda derogado o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC aprobado polo Consello de Goberno o 17 de xullo de 2012 e cantas normas de inferior ou igual rango se opoñan ao previsto neste regulamento.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Sede Electrónica da UDC.